



# CONCELLO DE A CORUÑA

## PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
<b>COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL</b> (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 <b>5N6N 551G 5R4I 1U1T 16OH</b>	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	<b>RMPE1304F4</b>		
Número/Año	<b>5728/2019</b>		
Dependencia Captura	<b>REGISTRO MARIA PITA</b>		
Usuario Captura/Compulsa	<b>AMG</b>		
Interesado Principal	<b>GRUPO MUNICIPAL MAREA ATLANTICA</b>		
Representante			
Descripción	<b>Solicitud general</b>		
Páginas	<b>4</b> (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	<b>08/02/2019 13:46:03</b>		
Fecha Captura	<b>08/02/2019 13:46</b>		
Valor CSV	<b>5N6N 551G 5R4I 1U1T 16OH</b>		
Tipo de Firma	<b>PADES LONG TERM</b>		
Estado de Elaboración	<b>Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)</b>		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			



O GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA, a través do seu portavoz Xulio Ferreiro Baamonde,

presenta para debate e, no seu caso, aprobación no pleno deste Concello a seguinte

## **MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA INTERNACIONAL FEMINISTA DO 8 DE MARZO DE 2019**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O próximo 8 de Marzo, día Internacional das Mulleres, o movemento feminista, co apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais convoca unha Folga Internacional Feminista.

Unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación mundial, as mulleres. Pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario. Unha folga máis necesaria que nunca xa que os avances que se lograron no noso país grazas ás medidas impulsadas polas feministas nas políticas de igualdade, están a verse ameazados pola aparición de novos partidos de ultradereita que non recoñecen na nosa sociedade esta desigualdade estrutural.

Se desexamos que a nosa sociedade sexa realmente democrática debemos ser capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. Un machismo, froito do patriarcado máis conservador, rancio e prexudicial para as mulleres, que se estende en todos os ámbitos sociais, desde o público ao privado, dende o político ao persoal, tomando formas que abranguen dende as violencias simbólicas máis invisibilizadas ata os asasinatos de mulleres polo feito de selo, o feminicidio.

Como sociedade comezamos a concienciarnos de que as violencias machistas superan con moito ao ámbito da parella, e deben ser entendidas como un mecanismo de control da estrutura patriarcal que domina por completo as nosas vidas. O obxectivo dos feminismos sempre foi e será a consecución dunha sociedade libre de machismo na que as mulleres podamos ser protagonistas e copartícipes.

De aí esta convocatoria de Folga Feminista, unha Folga de mulleres diversas, de celebración de dereitos conquistados, pero atravesada por reivindicacións na procura de visibilizar e cuestionar o papel tradicional das mulleres nos catro eixos centrais da

organización social: o traballo reprodutivo e de coidados, o ámbito laboral, o estudantil, e o consumo.

Falamos de **coidados** porque as mulleres son o sostén da vida, as que a reproducen, a pesar de que ser este un traballo invisibilizado e desprezado. Pero se as mulleres paran, se para o mundo. No Estado español, o traballo adicado polas mulleres ao mantemento dos fogares, ao coidado e á reprodución alcanza ata o 53 % do PIB, o que significa que o Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar sendo atendido a través dos servizos públicos. **Por iso a principal reivindicación neste ámbito é que este conxunto de traballos, esenciais para o mantemento da vida, sexan recoñecidos como un ben de primeira orde, esixindo a redistribucións deste tipo de tarefas.**

Abordamos o **ámbito laboral** porque nun contexto de crise e “flexibilización do mercado de traballo”, o sistema capitalista e patriarcal está a levar a cabo un aumento da explotación laboral e unha diminución nos dereitos laborais e salariais, o que ten como resultado directo un aumento das desigualdades, afectando especialmente ás mulleres e homes: tanto de maneira directa, dificultando o acceso ao mercado laboral, reducindo os salarios, as xornadas de traballo; en definitiva, precarizando o emprego, como pola sobrecarga que este proceso xera ás mulleres no ámbito dos coidados, como consecuencia dos recortes no Estado de Benestar e os seus servizos públicos.

Segundo un informe publicado pola UXT en novembro de 2017, en Galicia a fenda salarial sería do 22%, o que traducido implicaría que para que unha muller obtivese o mesmo salario que un home debería traballar 71 días máis ao ano. No caso das pensións as diferencias ascenden ata o 40%, o que supón 10 anos máis de cotización.

Por todo isto, un ano máis, ante o teito de cristal e a temporalidade, ante a precariedade laboral e a feminización da pobreza, **se reivindica a incorporación de pleno dereito ao traballo de calidade, conseguindo unha significativa mellora da posición das mulleres no ámbito laboral, permitindo desenvolver proxectos vitais dignos e autónomos.**

É preciso falar de **consumo** porque nin neste ámbito existe unha igualdade real. O consumo, outra máis das ferramentas do capitalismo patriarcal, ten asociado un modelo estético baseado no sufrimento dos corpos das mulleres; corpos que non poden seguir sendo mercadorías nin obxectos, nin ferramentas en mans dos mercados globais.

Poderíamos falar da notoria expansión que está adquirindo o a demanda dos ventres de aluguer, que transforman os corpos das mulleres máis pobres en obxectos de consumo, nunha forma máis de explotación patriarcal; ao igual que os milleiros de mulleres e nenas traficadas co obxectivo da súa explotación laboral e sexual.

Non son os corpos das mulleres un obxecto de consumo máis, polo que **se reivindica a construción de estratexias de consumo alternativas e o fin da explotación dos corpos das mulleres, respectando a súa autonomía, os seus dereitos, a súa vida.**

E falamos de **folga estudantil** porque, hoxe, máis que nunca, para cambiar a dirección da sociedade precisamos transversalizar a perspectiva de xénero en todas as disciplinas. Unha educación que erradique dunha vez a misoxinia que atravesará a cultura, á ciencia, á creación de coñecemento en todas as súas formas. Nas artes, na literatura, nas ciencias, nos currículos educativos as mulleres apenas existen. Esta invisibilización conleva que as mulleres non aparezan na narración da Historia e que todas as súas achegas fosen e sigan sendo totalmente ignoradas.

Unha folga estudantil significa a **reivindicación ante toda a sociedade da educación que merecemos, unha educación pública, laica e feminista.**

Son estes os catro eixos principais da folga, aínda que son moitas máis as liñas de traballo abertas:

Queda así patente que o machismo é omnipresente nos fogares, nos centros de traballo e de ensino, nas rúas, no público, no político, nos medios de comunicación, etc.. Ante esta realidade, así xurdirán as reivindicacións feministas, dende esa mesma pluralidade de espazos; anegando un ano máis as rúas, as prazas, os barrios das vilas e cidades, os espazos de proximidade.

E é esta mesma proximidade a que coloca aos gobernos locais como os idóneos para recadar, desenvolver e implantar medidas que incidan de xeito efectivo e decisivo nas vidas das mulleres.

Por estas e moitas outras é obriga desta Corporación Municipal apoiar a convocatoria de folga do próximo 8 de marzo. Unha folga que tomará ás rúas con amplas accións de reivindicación, amosando que se as mulleres paran, para o mundo. Para para darnos a todas a oportunidade de pensar de que maneira podemos contribuír a transformalo, mundando este sistema patriarcal por outro baseado na igualdade, na xustiza social, no respecto á diversidade, e a defensa da liberdade e a democracia.

Por todo o anteriormente exposto, propomos a adopción dos seguintes

## ACORDOS

1º.- **Apoiar activamente a Folga Feminista** do vindeiro 8 de marzo.

2º.- **Pendurar no Pazo de María Pita unha faixa** como acto simbólico de apoio á Folga e de recoñecemento das reivindicacións expostas.

3º.- **Facilitar os medios dispoñibles** dende o Concello para a realización e difusión de todos os eventos, manifestacións, reivindicacións e actos convocados polas asociacións e colectivos de mulleres co mesmo obxectivo que a folga, convidando á cidadanía a apoiar e unirse ás mobilizacións convocadas.

4º.- **Adoptar as medidas necesarias** para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de todas as traballadoras municipais que desexen sumarse á reivindicación.

A Coruña, 8 de febreiro de 2019

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke at the bottom.

Xulio Ferreiro Baamonde  
Portavoz do GM da Marea Atlántica